

PROTOCOLO PARA A ADHESIÓN Á REDE XATEMPREGO E PARA O USO DA APLICACIÓN WEB PARA A XESTIÓN DE ACTIVIDADES

1 Obxecto do documento

O presente documento ten o obxecto describir o protocolo a seguir polas entidades interesadas en adherirse á rede de axentes e persoal técnico de emprego e desenvolvemento local (en diante, a Rede), para que o seu persoal dentro deste ámbito teña acceso á aplicación web Xatemprego e aos seus recursos, así como á posibilidade de traballar de xeito colaborativo con outro persoal integrado na Rede.

2 Alcance das actividades da rede

Considérase que o persoal da entidade solicitante desenvolve o seu labor dentro do ámbito da Rede cando desenvolva algúns dos seguintes servizos:

- a) Prospección de recursos ociosos ou infrautilizados, de proxectos empresariais de promoción económica local e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego no ámbito local, identificando novas actividades económicas e posibles emprendedores, así como prospección das necesidades de persoal das empresas co obxecto de identificar novos nichos de emprego.
- b) Difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre as persoas desempregadas, promotoras e emprendedoras, así como institucións colaboradoras, levando a cabo accións de sensibilización cara á promoción dunha maior conciencia empresarial como oportunidade de emprego.
- c) Acompañamento técnico no inicio de proxectos empresariais para a súa consolidación en empresas xeradoras de novos empregos, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira e, en xeral, sobre os plans de lanzamento das empresas.
- d) Apoio ás persoas promotoras das empresas, unha vez constituídas estas, acompañándoas tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento, mediante a aplicación de técnicas de consultaría en xestión empresarial e asistencia nos procesos formativos adecuados para contribuír á boa marcha das empresas creadas.
- e) Calquera outra que contribúa á promoción e implantación de políticas activas de emprego, relacionadas fundamentalmente coa creación de actividade empresarial.

3 Protocolo de adhesión á Rede

3.1 Solicitude de adhesión

As entidades interesadas en adherirse á Rede e que dispoñan de persoal que desenvolva as actividades descritas no apartado 1 deste documento, deberá presentar o Anexo I coa súa solicitude, dirixida á persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, a través de calquera dos rexistros establecidos na normativa vixente (no caso de facelo a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, empregará o procedemento [PR004A - Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado](#)).

Neste documento, o órgano competente debe manifestar o acordo da entidade para adherirse á rede aceptando as cláusulas contidas no mesmo, á vez que relaciona as persoas que propoñen para formar parte da rede como persoal técnico na materia en nome da entidade, segundo o formato que se especifica no propio Anexo I.

NOTA: cada persoa incluída para formar parte da Rede debe ter un correo electrónico individualizado e diferente.

Xunto coa súa solicitude (Anexo I), a entidade debe enviar a través do PR004A o Anexo 2. Compromiso de confidencialidade por parte da entidade respecto da información á que teña acceso a través da aplicación Xatemprego, firmado polo órgano correspondente.

3.2 Procedemento

Unha vez se reciban estes documentos, debidamente asinados, na Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais e se verifique a adecuación dos seus contidos, enviaranse ao persoal técnico, a través dos correos electrónicos indicados no Anexo I, os seguintes documentos para a súa sinatura e posterior devolución xa cubertos á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais:

- Anexo 3. Compromiso de confidencialidade do persoal técnico a integrarse na Rede, respecto da información á que teña acceso a través da aplicación Xatemprego (un por cada persoa).
- Anexo 4. Aceptación por parte do persoal técnico para o tratamento de datos persoais profesionais a través da rede Xatemprego, que serán visibles por outro persoal técnico e por persoas potencialmente interesadas en empregar os servizos da Rede (un por cada persoa).

Unha vez verificados estes anexos xeraranse as claves de acceso da entidade e do persoal, que se remitirán a través dos correos electrónicos facilitados (tanto da entidade como das persoas técnicas).

Desde este momento, poderán acceder cos seus permisos correspondentes en función do seu perfil (entidade ou persoal técnico):

- A entidade poderá consultar e explotar a información correspondente ao seu persoal integrado na Rede.
- O persoal técnico poderá rexistrar, xestionar, consular e explotar a información sobre as actividades e eventos que leve a cabo coas persoas que atende.


3.3 Alta de persoas beneficiarias dos servizos

Os datos da persoa beneficiaria dos servizos son únicos na plataforma, de xeito que se o día de mañá cambia de persoal técnico de referencia, o seu histórico de atención por parte da Rede non se perda e complementa a pertinencia dos servizos que se lle presten no seu novo emprazamento.

Para isto, é imprescindible que a primeira vez que a persoa beneficiaria vai recibir os servizos da rede, o persoal técnico que o atende lle informe das condicións de tratamento de datos e recolla a súa aprobación explícita para o mesmo mediante o Anexo 5.

Este documento asinado será escaneado e subido á aplicación web Xatemprego pola persoa técnica correspondente, mentres que o orixinal será custodiado pola entidade á que pertenza.

4 Esquema gráfico do proceso



5 Anexos

Acompáñanse os seguintes anexos:

Anexo 1. Solicitud de adhesión á Rede Xatemprego

Anexo 2. Compromiso de confidencialidade da entidade